
Noticia de Baiona no século XIII

MARTA DACOSTA

PRESENTACIÓN

En 1986 Clarinda de Azevedo Maia publica en Coimbra *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referència à situação do galego moderno)*. Un dos seus obxectivos fundamentais é o de coñecer, a través da publicación de textos medievais non literarios dos séculos XIII a XVI, o estado lingüístico de Galiza e o Norte de Portugal e, por tanto, saber se nese período habería distinción entre a lingua falada ao norte e ao sur do Miño.

Máis alá do obxectivo concreto da autora, o seu traballo permítenos hoxe achegarnos a cinco documentos notariais que nos aproximan á Baiona de finais do século XIII. O noso traballo só pretende ser iso, unha aproximación, unha achega divulgativa sobre o valor destes escritos. Neles aprendemos cales eran as transaccións máis frecuentes no período sinalado, comprobamos a que mosteiro estaban ligadas determinadas localidades, que familias tiñan posesións ou foros arrendados, quen era o notario e o escriba, que forma gráfica tiñan e se xa existían os topónimos de determinados lugares que hoxe coñecemos, como se chamaban as persoas que protagonizaron estas transaccións e que relación tiñan entre si. Este conxunto de datos vai ser o obxecto da nosa lectura, centrada exclusivamente en cinco documentos, catro elaborados en Baiona e un quinto redactado en Salvaterra, que se poden ler integramente no anexo que acompaña ao artigo.

A DOCUMENTACIÓN

Clarinda de Azevedo utiliza varias fontes documentais e recolle catro documentos localizados na vila de Baiona, todos eles recollidos do Arquivo Histórico Nacional. Os documentos son dos anos 1280, 1281, 1283 e 1296. Nestes documentos aparecen como notarios por un lado Vidal Domj~guiz¹, e por outro Marti~ Peres, ambos

¹ Para a reprodución do til de nasalidade utilizaremos a convención seguida polo Corpus Informatizado do Portugués Medieval, proxecto da Universidade Nova de Lisboa, que sitúa os tiles a continuación da vogal á que afectan. Deste proxecto tiramos a reprodución dos textos que figuran no anexo a este artigo e en coherencia con eles adoptamos as mesmas normas.

os dous decláranse notarios públicos de Baiona, aparecendo o segundo só no documento de 1296.

Os documentos de 1280 e 1281 están escritos por Fernán Vidal, actuando como notario Vidal Domj-guiz, que se declara notario público do Rei en Baiona e no Val Miñor. O documento de 1280 consiste no arrendamento que fan o abade e o mosteiro de Oia dunha herdade e viña que posúen en Baiona a Pedro Eanes e a súa muller. O documento de 1281 refere que D. Iohan do Ramo, prelado da igrexa de Baiona, e D. Iohan d'Areas, cóengo de Tui, renuncian a todos os dereitos sobre os bens legados ao mosteiro de Oia polos parroquianos da igrexa de Baiona.

O documento datado en 1283 é outorgado e escrito por Vidal Domjguiz, seguindo o mandato de don Henrique, abade do mosteiro de Oia. Nel, Pedro Pérez restitúe ao abade do mosteiro de Oia as casas e a curtiña que foran de María de Deus en Baiona.

O cuarto documento realizado en Baiona data de 1296. Segundo este documento Elvira Eanes e o seu marido Pedro Martins venden a Viç-te Pérez, de Tui, e á súa muller, Elvira Martins, o lugar de Fafiás e todos os bens que posúen nas freguesías de Santa María e San Salvador de Tebra. Este documento é claramente diferente dos anteriores, poñendo en evidencia, como comprobamos, que está feito por outro notario: Marti- Peres, que se declara notario público do concello de Baiona. A seguir da súa asinatura aparece a de Vidal Domj-guiz, nesta ocasión para dar validez á carta redactada polo notario Martín Pérez e seguindo a petición do mercador de Baiona: Esteva-o Nunez.

Interésanos tamén un quinto documento redactado en Salvaterra polo notario Marti- Peres, notario público do Rei en Salvaterra na data de elaboración do documento, mais que pode ser o mesmo Marti- Peres que seis anos despois atopamos como notario de Baiona. Este documento, recollido tamén no Arquivo Histórico Nacional data de 1290 e fai referencia á cédula de apelación que Pere Eannes, monxe e despenseiro do Mosteiro de Oia, le ante o Arcediago de Tui en terra de Miñor para reclamar os dezmos aos que só tiña dereito o mosteiro de Oia.


XEOGRAFÍA DOS DOCUMENTOS. OS TOPÓNIMOS

Estes documentos permítennos comprobar a estreita relación entre localidades que hoxe pertencen a Gondomar, Baiona, Nigrán ou Oia e tamén a estreita relación destas zonas do Val Miñor con Tebra e Tui ou outras localidades do Baixo Miño como O Rosal. Podemos comprobalo non só polos arrendamentos de terras, senón tamén polas relacións familiares que se estableceron. Así aparecen nomeadas: Vilaça, Santa Vaya, Rosal, Burgueyra, Tuj (ou Tuy), Oya ou Santa Maria d'Oya, Santa Maria de Tebra, San Saluador de Tebra, Fafiás, Videyra, Parada ou Salvaterra. Baiona aparece como Bayona, Santa Maria de Bayona ou Bayona de Miñor (ou Mi-or). Tamén aparece a referencia ao Val, que ten xa por tanto entidade xeográfica e que aparece como Val de Miñor. Atopamos tamén o topónimo Mata Máá, que entendemos que fai referencia á parroquia viguesa de Matamá, onde por certo é frecuente o apelido Costas, precisamente o sobrenome do prelado da igrexa dese lugar.

Sobre os topónimos queremos salientar que, como se comproba da relación anteriormente feita, o nome do actual concello do Rosal aparece sempre sen o artigo que hoxe acompaña o nome: Rosal. Ademais unha das cuestións máis notorias é a da grafía empregada nestes textos para a vogal *i*.

Ao longo dos catro documentos atopamos que a vila de Baiona aparece grafada como Bayona, do mesmo xeito que atopamos Tuy, Ruy, Santa Vaya... Trátase dunha das solucións gráficas que nesta altura presentaba o fonema vocálico /i/, tal e como sinala a propia Clarinda de Azevedo: “o mesmo fonema pode aparecer representado por diferentes grafemas – *i*, *y*, *j* – alternando o emprego de cada un deles tamén no interior do mesmo texto.”² Trátase por tanto dunha situación de poligrafía.

Dos grafemas posibles é *i* o máis empregado, a excepción dos ditongos decrecentes onde o grafema *y* ten unha maior frecuencia de uso, sen que a autora sinala ningún tipo de diferencias entre os textos de Galiza e de Portugal: “... tanto na Galiza como em Portugal, <*i*> é, de longe, o grafema mais usado, seguindo-se, por ordem decrescente, <*y*> e <*j*>.”³ “Na fase decrescente da sílaba e entrando, portanto, na formação dos chamados ditongos decrecentes, ocorrem também os grafemas <*y*>, <*i*> e <*j*>. Ao longo de todo o período estudado, tanto na Galiza como em Portugal, <*y*> é a representação gráfica mais frequente”⁴. Estaríamos por tanto, simplemente, ante a representación gráfica do /i/.



Libro de Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português*.

XEOGRAFÍA HUMANA. ANTROPÓNIMOS E ALCUMES

Os documentos recollidos citan a varias persoas neste intervalo de dezaseis anos (1280-1296). Son as que ordenan realizar os documentos ou as que actúan como testemuñas. Noutras ocasións son os antigos propietarios das casas e fincas que nestas transaccións se venden ou arrendan.

Sabemos así dos seguintes habitantes do mosteiro de Oia: frei Iohane e D. Hanrique/Henrique, abades do mosteiro de Oia, Marti~ Perez e Marti~ Fernandez, priores do convento de Oia, Petro Esteuez, despenseiro do mosteiro de Oia, Pere

2 Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego Português*, 1997, Fundação Calouste Gulbenkian, Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica, Coimbra, pág. 421.

3 Clarinda de Azevedo Maia (1997), pág. 421.

4 Clarinda de Azevedo Maia (1997), pág. 424.

Eanes, monxe, despenseiro e procurador do abade e do mosteiro, Marti~ Miguel, despenseiro e os monxes D. Johan Periz e Marti~ Periz.

Outros membros da clase eclesiástica son: D. Johan/Joha~ do Ramo, prelado da igrexa de Baiona, Johan Domj~guiz, prelado da igrexa do Rosal, Petro Perez, chamado Costas, prelado da igrexa de Mata Máá, D. Johan/Joha~ d'Areas, cóengo de Tui, Johan de Deus, prelado da igrexa de Burgueyra, Ruy Martinz, Martin Iohanes e Petro Fernandez, chamado Priqueiro, clérigos de Baiona, Esteuoo Perez, arcediago da igrexa de Tui en terras de Miñor, Johan Rodríguez, prelado da igrexa de Parada, Lourenço Pelaez, prelado da igrexa de San Cristovo e Joha~ do Mo~te, clérigo.

Entre os leigos están: Pedro Eanes de Baiona, arrendatario, e a súa muller Marina Anes, filla de Pedro Veyga, de Tui; Marti~ Perez, chamado Gago; Ruy Perez, chamado Feltrello e o seu irmán Marti~ Periz; Petro Periz, fillo de Petro Sardom; Petro Periz, fillo de Petro de Vilaça; Maria de Deus; Eluira Eanes, filla de Johan de Veyga, clérigo de Santa Baia, e o seu marido Pedro Martins, chamado Feo; Viçe~te Perez, de Tui e a súa muller Eluira Martins; Johan Soares, de Tui; Marti~ Peres, chamado de Videyra; Johan Perez e Pedro, chamado do Uale, de Baiona e Esteua~o Nunez, mercader de Baiona; Gonçalu Rodríguez, cabaleiro de Vilar, Martin Thomé e Johan Lopez. E finalmente os notarios Vidal Domj~guiz e Marti~ Peres, xunto co escriba Ffernán Vidal.

A presenza destes antropónimos permítenos facer valoracións sobre a súa abundancia ou forma, sen que estas valoracións poidan ter carácter conclusivo ou poidan ser extrapoladas a outros niveis.

Atopamos así os apelidos Pérez, Peres, Peris ou Periz, Martíns ou Martinz, Miguel, do Ramo, Domj~guiz, d'Areas, de Deus, Iohanes, Eanes ou Anes, Fernandez, Veyga, Sardom, Soares, Nunez, Rodríguez, Pelaez, do Mo~te, Thomé, Lopez e Vidal. Entre estes apelidos destaca Perez, pola súa alta presenza, seguido por Iohanes, que presenta tres variantes en distinto grao de evolución, o máis culto Iohanes e os máis populares Eanes e mesmo Anes. Outros apelidos que se repiten son Veyga, Rodríguez, Domj~guiz e de Deus, aínda que con menor frecuencia. Vemos, tamén, que os apelidos que teñen a súa orixe noutro antropónimo son os máis abundantes.

Canto aos alcumes podemos rexistrar a presenza dos seguintes: Costas, Priqueiro, Gago, Feltrello, Feo, de Videyra, do Uale. Neste caso, ao lado dos alcumes que fan referencia a un lugar (do Uale, de Videyra, Costas), atopamos os que fan referencia a trazos físicos (feo, gago ou tatexo). Supoñen para nós unha incógnita priqueiro e feltrello. Para o primeiro podemos supor unha variante de peliqueiro, e estaríamos por tanto ante un alcume que faría referencia á profesión de quen traballa con peles. Para o segundo podemos imaxinar un derivado un tanto despectivo de feltro, e neste sentido faría referencia a un trazo físico.

Respecto dos nomes, entre os masculinos comprobamos a gran presenza de nomes como: Iohan (tamén Iohane, Johan ou Joha~), Marti~ (ou Martín), ou Petro (tamén Pere, Pero, ou Pedro), fronte aos máis escasos Henrique/Hanrique, Ruy, Viçe~te, Esteua~o/Esteuoo, Gonçalvo, Lourenço, Ffernán, Vidal. Os nomes de mulleres son en xeral moito máis escasos: María, Marina e Elvira. Sendo nun destes tres nomes no que podemos comprobar nunha forma castelanizante: Marina.

Merece mención o feito comprobado das diferenzas na grafía entre os notarios Vidal Domj~guiz e Marti~ Peres e o escriba Ffernán Vidal. Fronte aos demais Vidal Domj~guiz grafía os nomes Xoán e Henrique como Joha~ e Henrique e nomea ao

notario Marti~ Perez como Marti~ Peris. A diferenza entre Esteua~o e Esteuoo obedece á distinta grafía empregada polo escriba Fernan Vidal, no primeiro caso, e Marti~ Peris, no segundo.

A HISTORIA REFLECTIDA EN DOCUMENTOS NOTARIAIS

Unha das cuestións máis atractivas desta aproximación a cinco documentos medievais é o pequeno episodio da historia local que podemos reconstruír. Trátase da disputa polos dezmos dos fregueses da igrexa de Baiona entre o mosteiro de Oia e o bispado de Tui.

A primeira mostra desta disputa achámola no documento datado en Baiona no ano 1281, polo que D. Iohan do Ramo, prelado da igrexa de Baiona, e D. Iohan de Areas, cóengo de Tui, renuncian a todos os dereitos sobre os bens legados ao mosteiro de Oia polos parroquianos da igrexa de Baiona. Nese documento os dous cregos renuncian aos dezmos que debían pagar os parroquianos por mor de ter feita a súa sepultura no mosteiro de Oia. Renuncian en favor do mosteiro de Oia e deixan constancia de que nunca eles, nin ninguén no seu nome, poderán reclamar diñeiro ou o valor destes dezmos.

Mais nove anos máis tarde o mosteiro de Oia debe reclamar de novo estes dezmos. Nun documento de 1290 realizado en Salvaterra, Pero Eannes, monxe e despenseiro do mosteiro de Oia, protesta e apela por escrito ante o bispo de Tui contra a entrega da metade da igrexa de Baiona a Martin Iohanes, clérigo da mesma vila. Neste documento, Marti Peres, notario público do Rei en Salvaterra, fai constar que Pero Eannes le ante Esteuoo Perez, arcediago da igrexa de Tui en terra de Miñor, unha cédula de apelación. Nela preséntase como monxe e despenseiro do mosteiro de Santa María de Oia, da orde do Cister, e como procurador do abade e do convento do mosteiro declarando que a metade da igrexa de Santa María de Baiona está vacante por morte de D. Iohan de Ramo (o prelado da igrexa de Baiona que aparece citado nos documentos de 1280 e 1281).

Pero Eannes acusa a D. Esteuoo Perez de entregar esta metade vacante a Marti Iohanes sen ter ningún tipo de dereito sobre a igrexa de Baiona e ameazando aos fregueses de Baiona de ser excomungados no caso de dar o dezmo ao abade que en nome do mosteiro de Oia gardaba esas propiedades. Pero Eannes reclama que Esteuoo Perez non volva abusar nin prexudicar (“et que uos, arçediagóo, no~ posades des adea~te agrauar ne~ agrauedes contra dereyto per ffeito ne~ per sente~ça ne~ per parauoa mj~ ne~ no dito frade ne~ no abbade ne~ no co~uento ne~ o moesteyro sobreditos ne~ seus ommes ne~ seus ffamiliares ne~ suas cousas ne~ algu~a dellas ne~ a dita ygllieia de Bayona ne~ parte della ne~ os clerigos ne~ os ffríjgueses dessa ygllieia”)⁵, e ante as acusacións e a vehemencia do declarante, Esteuoo Perez retráctase, se causou dano, o que dubida, mais tamén di: “que elles no~ pasassen contra aquelas cousas que era~ da sua jurisdiçio~ ca el deffenderia toda sua jurisdiçio~ et o sseu dereyto.”⁶

5 Clarinda de Azevedo Maia (1997), pág. 200

6 Clarinda de Azevedo Maia (1997), pág. 200

ANEXO

A continuación preséntanse os documentos aos que fai referencia este artigo. A reprodución da transcripción que presentamos é a realizada polo proxecto Corpus Informatizado do Português Medieval, financiado pola Fundação Ciência e Tecnologia do Ministério de Ciência e do Ensino Superior, e foi realizada por un equipo da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa.

As dificultades para reproducir por medios informáticos as transcrições medievas suxeriron a utilización das seguintes convencións:

- os tiles aparecen a continuación da vogal ou a consoante acentuada, tamén os de nasalidade.
- Actualízanse as grafías do /s/.
- O signo que nos documentos medievas representa a conxunción ET é substituído polo signo &.

Ademais aparecen dentro dun dobre paréntese a seguir da abreviatura L o número de liña do pergamiño medieval e precedidos do signo # aparece cada número romano para diferenciais de calquera outro grafema.

Cada documento está encabezado pola numeración, data, lugar e resumo realizado por Dna Clarinda de Azevedo Maia no seu estudo.

97

1280. BAIONA.

O abade e o mosteiro de Oia arrendam a Pedro Eanes e a sua mulher Marina Anes, por período de dez anos, a casa, a herdade cercada e a vinha que possuem em Baiona.

((L001)) Cunusçuda cousa seia a todos q(ue) nos ffrey Ioh(a)ne, abbade do moesteyro de Oya, ensenb(r)a cono ((L002)) prior Marti~ P(er)ez & cono co~uento desse mi'j'smo lugar a uos Pedro Ean(e)s de Bayona, genrro ((L003)) de Joh(a)n da Veyga de Tuy, & a uossa moller Marina An(e)s damos & outorgam(os) por renda ((L004)) deste dia ata' dez anos p(r)imeyr(os) ui'j'deyr(os) a nossa casa q(ue) auemos ena vila de Bayona ((L005)) en q(ue) morou Marti~ P(er)ez, d(i)to Gago, cono seu sobrado & cona out(r)a casa como uem a'a' ((L006)) ria da' Are'a & co~ sua chousa como leua en boca essa casa & cona vina q(ue) esta' en essa ((L007)) chousa assi como ora sta' diuisada & murada a' a'tal p(re)yto q(ue) uos ou cada u'u'n de uos ((L008)) dedes a nos cada ano dez l(i)b(r)as de d(i)n(ey)r(o)s bla~cos desta mon(eda) noua bla~ca a rrazo~ de ((L009)) q(u)are'e'nta d(i)n(ey)r(o)s por liu(r)a ou a q(u)antia deles & aos #X anos co~p(r)idos q(ue) fiq(uen) a nos a d(i)ta ((L010)) casa & a chousa cona vina q(ue) en ela sta' liure & q(u)ita sem embargo nj u'u'n assj ((L011))

como for mellorada & feytiada & eno d(i)to termino en q(ue) a auedes de te'ér q(ue) a no~ ((L012)) possades uender ne~ enallear ne~ enpeñorar; os q(u)aes dez anos desusu d(i)tos q(ue) am ((L013)) de ui'ir se deue~ a contar deste dia ena era desta carta ata os #X anos desuso ((L014)) d(i)tos. Ffeyta a carta no moesteyro dauandito, era de mill #CCC & dez & oyto ((L015)) anos, #iiij dias de Abril. Que p(re)sentes for(um) & sum t(este)s: dom Joh(a)n do Ramo, p(re)lado ((L016)) da ygl(e)ia de Bayona; Joh(a)n Domj~g(u)iz, p(re)lado da ygl(e)ia de Rosal; P(e)t(ro) P(er)ez, d(i)to Costas, ((L017)) p(re)lado da ygl(e)ia de Mata Ma'á; Ruy P(er)ez, d(i)to Feltrello; P(e)t(ro) Esteu(e)z, cellareyro do ((L018)) moesteyro dauand(i)to. Eu, Fferna~ Uidal, p(er) mandado de Vidal Domj~g(u)iz, not(ario) plubico ((L019)) del Rey en Bayona & no val de Miñor, esta carta escriuj. ((L020)) Eu Vidal Domi~g(u)iz, not(ario) plubico del Rey en Bayona & enno val d(e) Miñor, ((L021)) iinsto p(re)sen- te fuy & p(er) meu mandado Fferna~ Uidal esta carta esc(r)euueu ((L022)) & eu meu sinal hj pugi.

99

1281. BAIONA.

D. Joao do Ramo, prelado da Igreja de Baiona, e D. Joao d' Areas, cónego de Tui, renunciám a todos os direitos sobre os bens legados ao mosteiro de Santa Maria de Oia por paroquianos da Igreja de Baiona.

((L001)) Cunusçuda cousa seia a todos q(ue) en p(re)sença de mj~ Vidal Domj~g(u)iz, not(ario) publico dado del Rey en Bayona & no ((L002)) val de Miñor, & das t(este)s q(ue) de iuso sum esc(r)iptas q(ue) como fosse conte'enda ontre dom Hanrriq(ue), abbade do moesteyro ((L003)) de Oya, & o conue~to desse lugar en una p(ar)te & dom Joh(a)n do Ramo, p(re)lado da eygl(e)ia de Bayona, & dom ((L004)) Joh(a)n d'Areas, coygo de Tuy, te'ente a meya dessa eygl(e)ia de Bayona da out(r)a p(ar)te, por razo~ du~na q(u)antia ((L005)) de d(i)n(ey)r(o)s q(ue) llj o d(i)to abb(ade) dom Hanrriq(ue) e o conuento dauand(i)tos demandaua~ & buscau~ aos d(i)tos don Joh(a)n ((L006)) do Ramo & dom Joh(a)n d'Areas en razo~ de encenssoria q(ue) o abb(ade) e o conue~to dauand(i)tos am en essa eygl(e)ia de ((L007)) Bayona & por razo~ de mandas dos ffri'j'gueses da eygl(e)ia de Bayona q(ue) fezeru~ sua sepultura algu'ús no moesteyro ((L008)) dauand(i)to ata o dia d'oge na era desta carta q(ue) os d(i)tos dom Joh(a)n do Ramo & dom Joh(a)n d'Areas dizia~ q(ue) ((L009)) de totalas mandas q(ue) os se(us) ffri'j'gueses de Bayona co~sigo mandara~ ao d(i)to moesteyro de Oya dauand(i)to assi de panos ((L010)) como de d(i)n(ey)r(o)s como de casas & de h(er)dade & dout(r)as cousas q(ue) de todas auia~ d'auer a meyadade por razo~ da d(i)ta ((L011)) eygl(e)ia de Bayona a'á cima de tod'isto ue~er a'á tal (con)posizo~ & a'á tal aui'j'nça en tal maneyra q(ue) o d(i)to dom abb(ade) dom ((L012)) Ha~rriq(ue) & o conue~to dauand(i)tos disseru~ & outorgaru~ q(ue) os d(i)n(ey)r(o)s q(ue) os d(i)tos dom Joh(a)n do Ramo & don Joh(a)n d'Areas ((L013)) ouueru~ de dar por razo~ da ence~ssoria da ren-

da dessa eygl(e)ia de Bayona ata dia de Sam Joh(a)ne Babtista p(r)imeyro ((L014)) q(ue) a de ui'j'r may's achegado na era desta carta q(ue) todos era~ moy be~ pagados & ent(re)gados. Et des dia de Sam ((L015)) Joh(a)ne Babtista p(r)imeyro q(ue) a de ui'j'r may's achegado adeante q(ue) os d(i)tos dom Joh(a)n do Ramo & do~ Joh(a)n d'Areas l'j dessem ((L016)) en razo~ da renda q(ue) l'j am de dar da d(i)ta eygl(e)ia d(e) Bayona a q(u)antia desta mon(eda) dos d(i)n(ey)r(o)s alffon(sii)s dos da p(r)imeyra g(ue)r(ra) ((L017)) a rrazo~ de q(u)atro por u'ú'n dos leon(eses) & por u'ú'n soldo q(u)atro & isto fosse ent(r)amente aplouguesse ao abb(ade) & ao conue~to dauand(i)tos ((L018)). Et os d(i)tos dom Joh(a)n do Ramo & dom Joh(a)n d'Areas, por isto q(ue) de suso d(i)to e' q(ue) o abbade & o conue~to ((L019)) dauand(i)tos lis fezeru~, como diz en cima, disseru~ q(ue) outorgaua~ & q(u)itaua~ todo deryto q(ue) auja~ ou auer poderia~ (contr)a ((L020)) o abb(ade) & o conue~to dauand(i)tos de Oya ata o dia d'oge na era desta carta por razo~ de mandas dos ffr'i'j'gueses se(us) ((L021)) da d(i)ta eygl(e)ia de Bayona q(ue) foru~ ata aq(u)i q(ue) sua sepultura fuy no d(i)to moesteyro. Et reनुsçaru~ todo deryto & toda ((L022)) eyxeyço~ q(ue) nu~ca eles ne~ outre~ por eles por esta razo~ podessem demandar ao d(i)to abb(ade) neno conue~to dauand(i)to ((L023)) assi de d(i)n(ey)r(o)s como de panos como de casas & de h(er)dade & out(r)as cousas q(ue) ao d(i)to conue~to ffossem ma~dadas ((L024)) dos ffr'i'j'gueses da d(i)ta eygl(e)ia de Bayona ata o dia d'oge na era desta carta; & outorgaru~ as ((L025)) p(ar)tes q(ue) cada u'ú'n deles q(ue) (contr)a isto q(u)isesse passar & q(ue) o no~ q(u)isesse aguardar, como diz en cima, q(ue) peyte a' a' out(r)a ((L026)) p(ar)te duze~tos mar d'alffon(sii)s por pea & a carta fiq(ue) en sua reuor. Ffeyta a carta no moesteyro d(e) Oya ((L027)) dauand(i)to #XVij dias de Mayo, era de mill(esima) #CCC^a #XIX^a anos. T(este)s: dom Marti~ Fern(andez), p(r)iol do moesteyro ((L028)) dauand(i)to; Marti~ Mig(ue)l, cellareyro; do~ Joh(a)n P(er)iz & Marti~ P(er)iz, munges do d(i)to moesteyro; Joh(a)n d(e) D(eu)s p(re)lado ((L029)) da eygl(e)ia de Burgueyra; Ruy P(er)iz d(i)to Feltrelo; Marti~ P(er)iz, seu hirmao; P(et)ro P(er)iz, fillo de P(et)ro Sardom. ((L030)) Eu Fferna~ Uidal, p(er) ma~dado de Vidal Domj~g(u)iz, not(ario) plubico del Rey en Bayona & no val de Miñor, ((L031)) esta carta esc(r)iu. ((L032)) Eu Vidal Domi~g(u)iz, not(ario) d(e) susu d(i)to, iinsto p(re)sente fuy &, p(er) meu ma~dado, Fferna~ Uidal esta carta esc(r)eueu & eu meu sinal y pugj.

101

1283. BAIONA.

Pedro Peres, de Baiona, restitui ao abade do mosteiro de Oia as casas e a cortinha que foram de Maria de Deus, situadas naquela vila.

((L001)) Conosçuda cousa seia a todos q(ue) en p(re)sença de mi~ Vidal Domi~g(u)iz, not(ario) plubico do concello d(e) ((L002)) Bayona d(e) Mi~or & das testimuyas q(ue) de iuso s(on) esc(r)iptas, P(et)ro P(er)iz d(e) Bayona, fillo d(e) don P(et)ro ((L003)) de Vilaça, estando na villa d(e) Bayona na curtiña q(ue) fuy

de Maria de Deus dissi q(ue) el ((L004)) ent(re)guaua a dita curtiña & as casas q(ue) estan a par dessa curta q(ue) for(um) de Maria d(e) ((L005)) Deus en q(ue) ella suhia a morar q(u)ando passou; q(ue) as casas & a dita curtiña q(ue) as ent(re)gaua ((L006)) a don Henrriq(ue), abb(ade) do moesteyro d'Oya, por esse moesteyro d'Oya por q(ue) era~ & s(on) suas ((L007)) a dita curta & as ditas casas; & o dito abb(ade) don Henrriq(ue) estando p(re)sente na dita ((L008)) curta, o dito Pedro P(er)iz filou vun nabo (con) suas uerssas na mao da dita curta ((L009)) & meteuo ao dito abade na mao, dizendo q(ue) la ent(re)gaua a dita curta & as ditas ((L010)) casas com(o) suas por q(ue) son do dito moesteyro dond'ele e' abbad(e); & disto q(ue) de suso d(i)to ((L011)) e' o dito abb(ade) dissi a mi~, d(i)to Vidal Domi~g(u)iz, q(ue) eu li desse disto uu~ plubico estrum(en)to ((L012)) & eu deylo com(m)o esta carta diz. Ffeyta a carta en Bayona #xxiiij dias d(e) Noue~b(r)o. Era ((L013)) d(e) mill & #ccc #xxj ano. T(este)s: don Joha~ d'Areas, cooygo d(e) Tuj, tee~te a meya da jgl(e)ia d(e) ((L014)) Bayona; J(oha~) Domi~g(u)iz, p(re)lado da jgl(e)ia d(e) Rosal; Ruy M(a)rt(in)z; M(a)rt(in) Ioh(a)n(es) & P(e)t(ro) Ferrn(andez), dito ((L015)) P(r)iqueyro, cl(er)igos d(e) Bayona. ((L016)) Eu Vidal Domi~g(u)iz, not(ario) desuso d(i)to, iinsto p(re)sente fuy & a rogo do dito don ((L017)) Henrriq(ue), abb(ade), esta carta esc(r)iu j & sinal meu y pugj.

106 1290. SALVATERRA.

Pero Eanes, monge e despenseiro do mosteiro de Santa Maria de Oia, protesta e apela por escrito ao bispo de Tuy ou ao seu vigario contra a entrega de metade da igreja de Baiona a Martim lohanes, clérigo da mesma vila

((L001)) Cunusçuda cousa seia a q(u)antos este estrome~to vire~ q(ue) sub e[ra] de [mill] & #CCCª & ((L002)) veynt(e) & oyto an(n)os, veynte & hu~u dia andados do mes de Abril, [...] onrrado [...] ((L003)) don Esteuo'ó P(er)ez, arçidiago'ó da ygll(e)ia de Tuy en t(e)rra de Miñor, & em p(re)sença ((L004)) de mj~, Marti~P(er)ez, notario publico del Rey en Saluat(e)rra & ant(e) as t(este)s q(ue) aq(u)i ((L005)) en ffondo som esc(r)iptas, ffrey Pere Ean(n)es, mu~ge & Gelareyro do moesteyro de S(an)ta ((L006)) Maria d'Oya, mostrou & ffez le'ér p(er) mj~, d(i)to not(ario), hu~a çedula d'ap(e)llaçio~ en esc(r)ipto, ((L007)) o tenor da qual atal he: dant(e) uos, don Esteuo'ó P(er)ez, arçidiago'ó da ygll(e)ia de Tuy, ((L008)) en t(e)rra de My~or, eu ffrey P(er)o Ean(n)es, mo~ge & Gelareyro do moesteyro de Santa M(ari)a d'Oya ((L009)) da ordem de Cistel & p(ro)curador do abbade & do co~uento desse moesteyro, digo en meu nume ((L010)) & do abbade & do co~uento & do moesteyro sobr(e)d(i)tos, q(ue) a meyadade da igll(e)ia de S(an)ta M(ari)a de ((L011)) Bayona vagou & he uaga p(er) morte de don Joh(a)n do Rramo q(ue) teue essa meyadade dessa ((L012)) ygll(e)ia con(n)a cura dessa ygll(e)ia & por q(ue) o abbade & o conue~to sobr(e)d(i)tos son & era~ padroeyros ((L013)) da d(i)ta igll(e)ia & da d(i)ta meyadade dessa ygll(e)ia & por q(ue) o jur & o dereyto de p(re)sentar

((L014)) a essa ygll(e)ia & a'á d(i)ta meyadade della p(er)te'écia & p(er)te'écze ao abbade & ao co~uento sobr(e)d(i)tos ((L015)) en nume & por nume & por rrazo~do d(i)to moesteyro & out(r)ossy por q(ue) esse abbade & esse co~ue~to ((L016)) acostumaro~ q(u)ando a d(i)ta igll(e)ia ou a d(i)ta meyadade della uagou ou esteue uaga a guardar ((L017)) os be'és della & out(r)ossj por q(ue) fforo~ & son en jur & en possissom de guardar os be'és ((L018)) sobr(e)d(i)tos q(u)ando a dita igll(e)ia vagou ou a dita meyadade della & por q(ue) os deue~ a guardar ((L019)) de deryto mentre essa igll(e)ia ou a d(i)ta meyadade della esteue uaga; o abbade & o ((L020)) conue~to sobr(e)d(i)tos metera~ en(n)a dita meyadade dessa igll(e)ia depoy morte do d(i)to ((L021)) don Joh(a)n do Ramo hu~u seu ffrade q(ue) guardasse os be'és da d(i)ta meyadade da jgll(e)ia sobr(e)d(i)ta ((L022)) segu~do q(ue) o acostumaro~ a ffazer p(er) muytas uezes des te~po de quare'e~ ta an(n)os a'ata ((L023)) ao deme~os. Et por q(ue) uos, don Esteua~o P(er)ez, arçediago'ó' sobr(e)d(i)to, metestes agora nouame~te ((L024)) cont(r)a deryto & en preiuyzo do abbade & do conue~to & do moesteyro sobr(e)d(i)tos ((L025)) & en seu agrauame~to Marti~Ioh(a)nes, cl(er)igo de Bayona, con(n)a sobr(e)d(i)ta meyadade da d(i)ta ((L026)) igll(e)ia por comendeyro q(ue) guardasse os be'és dessa meyadade sobr(e)d(i)ta & agrauastes los ((L027)) en aq(u)isto cont(r)a deryto & cont(r)a rrazo~ & out(r)ossy por q(ue) ame~açades cont(r)a deryto & cont(r)a ((L028)) rrazo~ & disestes q(ue) sse o abbade & o conue~to sobr(e)d(i)tos no~ q(u)issessen rremouer ou tirar ((L029)) o dito ffrade da dita meyadade da d(i)ta jgll(e)ia q(ue) rreçebia & guardaua os be'és dessa ((L030)) meyadade q(ue) escomu~garades todos os fri'j'gueses dessa jgll(e)ia q(ue) llj dessem a dizema, ((L031)) eu ffrey P(er)o Ean(n)es, mo~ge & çelareyro & p(ro)c(ur)ador sobr(e)d(i)to, sento & teño & creio ((L032)) q(ue) o abbade & o conue~to & o mosteyro sobr(e)d(i)tos son agrauados cont(r)a deryto & contra ((L033)) rrazo~ p(er) uos arçediago'ó' sobr(e)d(i)to en q(u)anto posestes o dito comendeyro na dita meyadade & ((L034)) out(r)ossy teño & creio q(ue) os agrauedes mays (con)t(r)a deryto des aq(u)i adea~te por q(ue) dissestes ((L035)) ame~açado q(ue) escomu~garades os d(i)tos ffri'j'gueses se dessem as dizemas ao frade sobr(e)d(i)to ((L036)) pola qual cousa & do qual agrauame~to eu, p(ro)c(ur)ador sobr(e)d(i)to, apeley p(er) parauoa ((L037)) ao vigayro da jgll(e)ia de Tuy & p(ro)metj apelar en esc(r)ipto ant(e) dos dez dias ao dito ((L038)) uigayro. Et out(r)ossy por q(ue) despoys disto escomu~gastes todos aq(ue)lles q(ue) dessen dizema ((L039)) ne~ out(r)a deryt(ur)a nehu~a da sobr(e)d(i)ta meyadade a outre~ seno~ ao dito Marti~Ioh(a)n(es) ou ao ((L040)) uosso comendeyro me~tre a d(i)ta jgll(e)ia esteuesse uaga, teño & creio q(ue) uos, arçediago'ó', ag(r)auastes ((L041)) cont(r)a deryto & cont(r)a rrazo~ mj~ & o abbade & o conue~to & o moesteyro sobr(e)d(i)tos. ((L042)) Et por ende d(e) todos estes ag(r)auame~tos sobr(e)d(i)tos & de cada hu~u delles & de uos, ((L043)) arçediago'ó' sobr(e)d(i)to; & q(ue) uos, arçediago'ó', no~ posades des aq(u)i adea~te agrauar ne~ ((L044)) agrauedes cont(r)a deryto p(er) ffeyto ne~ p(er) sente~ça ne~ p(er) parauoa mj~ ne~ no dito frade ((L045)) ne~ no abbade ne~ no co~uento ne~ no moesteyro sobr(e)d(i)tos ne~ seus om(m)es ne~ seus ((L046)) ffamiliares ne~ suas cousas ne~ algu~a dellas ne~ a dita ygll(e)ia de Bayona ne~ p(ar)te ((L047)) della ne~ os cl(er)igos ne~ os ffri'j'gueses dessa ygll(e)ia, appelo en aq(ue)ste esc(r)ipto por ((L048)) meu nume & do abbade & do conue~to & do moesteyro sobr(e)d(i)tos & dos d(i)tos fri'j'g(u)eses ((L049)) a'á ygll(e)ia de

Tuy ou ao bispo desse logar ou ao sseu vigayro & pono ((L050)) mj~ & os d(i)tos frijgueses & a d(i)ta ygll(e)ia & a d(i)ta meyadade della & todos os seus be'és ((L051)) & os cl(er)igos dessa ygll(e)ia & o abbade & o conue-to & o moesteyro sobr(e)ditos ((L052)) & todos seus be'és & todas suas cousas su deffendeme-to da ygll(e)ia de Tuy. ((L053)) Et peço uos os apóstolos & peço uolos q(ue) mos dedes assy com(m)o he de dereyto. A q(u)al ((L054)) apellaço~ leuda, o d(i)to arçediago o' respondeu & disse q(ue) el cri'ja & ente~dia q(ue) os no~ ((L055)) agrauaua; & se os p(er)uent(ur)a agrauaua en algu~a cousa, o q(ue) el no~ cri'ja, q(ue) el aparelado ((L056)) era de rreuogar o agrauame-to assy com(m)o dereyto fosse, mostrando ((L057)) elles esse agrauame-to; & out(r)ossy disse q(ue) sua entenço~ no~ era de os agrauar ((L058)) & q(ue) elles no~ passassen cont(r)a aq(ue)llas cousas q(ue) era~ da sua jurisdicço~ ca el deffenderia ((L059)) toda a sua jurisdicço~ & o sseu dereyto. Out(r)ossy disse q(ue) aparelado ((L060)) era de lle dar os app(e)llos ata aq(ue)l te~po q(ue) o dereyto ma~da. ((L061)) Et de todas estas cousas o çelareyro sobr(e)d(i)to pediu este publico ((L062)) estrume-to a mj~, d(i)to not(ario), & eu deillo de meu offizio ffeyto p(er) ((L063)) myna ma~o & co~ meu signo q(ue) est tal. Isto ffoy na ygll(e)ia ((L064)) de San (Crist)ouo' o' d(e) t(e)rra d(e) San M(arti)no no dia & na era ((L065)) sobr(e)d(i)tos. Da qual cousa fforo~ t(este)s ((L066)) G(onçalu)o Rro(drigue)z, caualeyro d(e)Vilar; Joh(a)n Rro(drigue)z, p(re)lado da ygll(e)ia ((L067)) d(e) Parada; Lour(enço) P(e)l(ae)z, p(re)lado da ygll(e)ia d(e) San (Crist)ouo' o'; Joha~ ((L068)) do Mo~te, cl(er)igo; M(artin) Thome' & Joh(a)n Lopez, leygos, & out(r)os.

111 1296. BAIONA.

Elvira Eanes e seu marido Pedro Martins vendem a Vicente Peres, de Tui, e a sua mulher Elvira Martins o lugar de Fafiás e todos os bens que possuem nas freguesias de Santa Maria de Tebra e de San Salvador de Tebra.

((L001)) In num(e) de Deus, am(en). Era de mill & #ccc & trijnta & q(ua)tro an(n)os, #XVij ((L002)) dias de Ffeu(ereyr)o. Conoscám todos q(ua)ntos esta carta vire~ q(ue) eu Elvira ((L003)) Ean(es), ensenbra co~ meu marido P(edr)o M(artin)s, d(i)to Feo, de Bayona, el p(re)sente ((L004)) & outorgant(e), co~ toda mjña uos a uos, Viçe~te P(er)es de Tuy, & a uossa ((L005)) moll(e)r, Elvira M(artin)s, & a toda uossa vos vendo & p(ar)a senp(r)e outorgo aq(ue)l ((L006)) meu logar de Ffafia'é's & casas & q(u)inta'á's & vinas, h(er)dades & h(er)dame~tos ((L007)) & cha~tados & deuesas & aieytos & rrisi'jos & muyños & ssesegas de ((L008)) muyños & co~ todas suas p(er)te'e'ças q(ue) eu ey & deuo auer de dereyto ((L009)) & a mj~ ficou de p(ar)te de meu padre Joh(a)n da Veyga, cl(er)igo q(ue) foy de ((L010)) S(an)ta Vaya, en(n)a fli'j'gisia de S(an)ta M(aria) de Tebra & en(n)a fli'j'gisia ((L011)) de San Saluador dj de Tebra a mont(e) & a ffonte u q(ue)r q(ue) y via ((L012)) uos for & q(ua)nto eu & esse meu marido y auem(os) assy de compra ((L013)) com(m)o de

ga á nadio en essas flí'gias & en Ffafia~es; damos ((L014)) a uos todo isto q(ue) a uos ue~dem(os) por p(re)ço q(ue) a nos & a uos aplougue, ((L015)) co~ue~ a ssab(e)r, oyto çe~tas libr(as) de din(e)j(r)us alffon(sii)s da g(ue)rra de q(ue) nos ((L016)) outorgam(os) q(ue) ssom(os) moy be~ pagados; aiades uos & uossa uos estas ((L017)) cousas sobred(i)tas q(ue) a uos ue~dem(os) & pussuadellas des aq(u)i en deant(e) ((L018)) de iur & de poder ata q(ue) o mu~do seia estauil; mays, sse algue~ ((L019)) ue'e'r assy da nossa p(ar)te com(m)o da estrayña q(ue) (con)t(r)a esto q(u)isser ui'j'r ((L020)) a co~ronp(er) seia maldito & q(ua)nto dema~dar tanto a uos dubre & ao ((L021)) sseñor da t(e)rra por pea peyte mill mor & sua dema~da no~ ualla ((L022)) & a carta fiq(ue) firm(e) & estauil & en sua rreuer & deuem(os) uos anp(ar)ar uos ((L023)) co~ esto q(ue) uos uendem(os) senp(r)e de toda co'oma & de todo enbargo p(er) q(ua)nto ((L024)) auem(os) & deuem(os) a au(er) asy mobile com(m)o rays. T(este)s: Joh(a)n Soar(e)s de Tuy, ((L025)) Mart(i~) P(er)es, d(i)to da Videyra, desse lugar, Joh(a)n P(er)es & P(edr)o, d(i)to do Uale, ((L026)) de Bayona. Eu Mart(i~) P(er)es, not(ario) publico do conçello ((L027)) de Bayona, a isto foy p(re)ssente, esta carta sc(r)iu j & meu ((L028)) ssinal y pugj. ((L029)) Eu Vidal Domi~guiz, not(ario) plubico do concello de Bayona ((L030)) de Miñor, vy una carta feyta p(er) Marti~ P(er)is, not(ario) ((L031)) de Bayona, & co~ seu sinal q(ue) mj~ mostrou Esteua~o N(u)n(e)z, ((L032)) me(r)cador de Bayona, da q(ual) carta o tenor tal e' com(m)o diz ((L033)) encima & a rogo del e' este t(r)eslado meu sinal y pugj.